

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na comisión VI**, relativa ao desbaldimento de cartos públicos nunha campaña publicitaria na consellaría de industria.

Exposición de motivos

Publícase no DOG de hoxe, xoves 12 de marzo, a resolución do 6 do corrente que anuncia a contratación, polo procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada, do servizo para o desenvolvemento da campaña publicitaria “A innovación e a competitividade na industria de Galicia. Cara á fábrica do futuro”, cuxo expediente é 03/2015/SXT.

Cómpre sinalar algúns dos datos básicos que sofre o noso país en materia de industria: a enorme destrución de emprego industrial acaecido no sexenio Núñez Feijóo levou a que a ocupación no sector se atope nos niveis de 1997 deixando atrás máis de 60.000 postos de traballo polo camiño do austericidio; o progresivo desmantelamento industrial e o estrangulamento do crédito ás empresas reducen a base produtiva do país; os datos do índice de produción industrial en negativo aínda no 2014 e no comezo deste exercicio (-4,9%) indican a mala marcha do sector; ao que hai que engadir os anunciados desinvestimentos de Pemex nun sector estratéxico da nosa industria como é o naval ou os reveses acumulados pola automoción no 2014, para en resumo conformar un panorama que non autoriza malbaratar recursos públicos en publicidade.

Nese grave escenario, o de un país sen fábricas, o desbaldimento de 2 millóns de euros nunha campaña publicitaria para 2015-16 semella unha pésima asignación de recursos cuxo emprego tería que se aplicar a economía produtiva.



Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta á retirada desta resolución e, xa que logo, a modificación do uso destes 2 millóns de euros para que financien actividades industriais produtivas.

En Compostela, a 12 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/03/2015 13:48:56